

Os Bolechas

© TM

PEPE CARREIRO

E A DISCAPACIDADE



GUÍA DIDÁCTICA SOBRE A DISCAPACIDADE PARA PROFESORADO

Este proxecto contou co apoio da Secretaría Xeral de Política Lingüística ao abeiro dun convenio de colaboración coa Confederación Galega de Persoas con Discapacidade –COGAMI–

**GUÍA DIDÁCTICA
PARA
PROFESORADO**



1. INTRODUCCIÓN

A diversidade é un feito inherente á nosa sociedade e, como tal, debemos telo presente en todos os ámbitos do día a día. É esencial tomar conciencia de que todas as persoas somos diferentes e que coñecer esas diferenzas é o primeiro paso para minimizar as súas consecuencias e lograr unha sociedade inclusiva, onde todas e todos temos cabida e podemos achegar capacidades distintas e complementarias. Pero para que esta mensaxe sexa realmente efectiva é necesario integrala desde os primeiros anos de vida, termos presente desde a infancia que as persoas somos diferentes e que unha discapacidade non define a persoa que a ten, tan só é unha característica máis dela. De aí que a contorna familiar, e especialmente a escolar, resulten fundamentais á hora de comezar a tratar este tema.

Por outra banda, a escola é un dos ámbitos máis relevantes para calquera nena ou neno, tamén para os que teñen algunha discapacidade, polo que un correcto tratamento desta cuestión no eido educativo faise aínda máis necesario, non só como temática propia senón como un contido transversal presente en toda a vida educativa do alumnado. Deste xeito, resultará moito máis doado coñecer e entender as necesidades das persoas e lograr unha sociedade onde poidan participar todas.

A escola é un dos ámbitos máis relevantes para calquera nena ou neno, tamén para os que teñen algunha discapacidade



Así o entendeu a UNESCO cando en 2001, baixo o lema “todos iguais, todos diferentes”, estableceu a necesidade de elaborar ferramentas capaces de crear unha educación inclusiva, que definiu como “o proceso de identificar e responder á diversidade das necesidades de todas e todos os estudantes a través da maior participación na aprendizaxe, nas culturas e nas comunidades, e reducindo a exclusión na educación”.

Ademais, a perspectiva de xénero estará presente en toda a guía, xa que entendemos que a educación ten que ser un pilar fundamental da promoción da igualdade en todos os ámbitos. A desigualdade de xénero non é allea ás mulleres con discapacidade, que soportan múltiple discriminación (muller con discapacidade, inmigrante, lesbiana...), por iso é importante que, dende a educación, o xénero, a discapacidade e a diversidade en xeral sexan un tema transversal.

Neste contexto nace esta Unidade Didáctica (UD) promovida por COGAMI (Confederación Galega de Persoas con Discapacidade) e

destinada a escolares de 3 a 8 anos (segundo ciclo de educación infantil e primeiros cursos de primaria). Para iso bótase man dos Bolechas, personaxes que coñecen moi ben as persoas ás que vai destinada esta UD e que adoitan coidar moito nos seus contidos a diversidade, como se comproba nas historias dos seus libros, nas letras do disco *Chis Pum*, nos pictogramas que inclúen moitas das súas publicacións etc.

Entendemos que a educación ten que ser un pilar fundamental da promoción da igualdade en todos os ámbitos:

- Xénero
- Discapacidade
- Diversidade



2. METODOLOXÍA DE TRABALLO

DOADO

MEDIO

DIFÍCIL



As idades ás que vai dirixida esta UD fan necesaria a orientación e supervisión por parte dunha persoa adulta, tanto á hora de explicar os contidos teóricos como no desenvolvemento dos exercicios, que deberán adaptarse ás características da clase ou da nena ou neno co fin de que poida comprender os principais conceptos e, a partir de aí, afondar o necesario para sacarlle o máximo partido á UD.

Co obxectivo de facilitar a orientación do traballo, na sección "Exercicios" establécense tres niveis de dificultade, de forma que se poida adaptar o labor a cada persoa establecendo o nivel máis adecuado ás súas necesidades ou incrementar a dificultade paulatinamente, ata completar todo o caderno de exercicios e actividades.

Deste xeito, lograrase un mellor aproveitamento e cumprimento dos obxectivos previstos nesta UD.

É necesaria a orientación e supervisión, tanto á hora de explicar os contidos teóricos como no desenvolvemento dos exercicios

3. OBXECTIVOS

O principal obxectivo desta UD é facer un primeiro achegamento ao mundo da discapacidade co fin de que o alumnado aprenda canto antes a comprender a diversidade do xénero humano e mostrar actitudes de respecto e empatía.

OBXECTIVOS XERAIS

Formación persoal e social	Lingüística: aprender a falar de maneira inclusiva, coñecer vocabulario específico etc.
	Educación física a través do xogo
	Coñecer a realidade social e tomar consciencia do noso papel na sociedade
	Fomentar unha participación responsable da cidadanía
	Interiorizar a importancia de dereitos, leis e normas (como a Lei 27/2007 pola que se recoñecen as linguas de signos españolas, a Declaración dos dereitos do neno de Unicef ou a Concención internacional dos dereitos humanos das persoas con discapacidade...)
	Desenvolver relacións de grupo en situacións lúdicas
	Comprender as diferentes experiencias vitais
Educación en valores	Fomentar a tolerancia, o respecto, e a igualdade de oportunidades
	Inculcar a diversidade como valor que nos fai persoas únicas e irrepitibles
	Fomentar a diversidade como parte enriquecedora da sociedade

Educación plástica (potenciación da creatividade) e cultural (utilización de recursos literarios, musicais...)

Grafomotricidade e maduración motriz

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS

Introducir unha nova linguaxe en consonancia cunha nova visión da discapacidade

Mostrar a linguaxe inclusiva como cambio social, transformando o imaxinario colectivo, achegando unha visión positiva da discapacidade

Fomentar o coñecemento de realidades alleas á propia no ámbito da discapacidade


Proporcionar materiais para sensibilizar e modificar actitudes respecto da discapacidade

Coñecer as posibilidades e capacidades das persoas con discapacidade e mudar así os estereotipos e prexuízos

Fomentar o traballo en grupo entre persoas con características diferentes ou con capacidades e necesidades diferentes

Fomentar unha visión crítica con respecto ás situacións das persoas con discapacidade e as posibles solucións para erradicalas ou minimizalas

Espertar a capacidade de empatía




En definitiva, **trátase de traballar a sensibilización sobre a discapacidade como un aspecto transversal máis da formación integral que recibe o alumnado** ao longo da etapa educativa e especialmente nos primeiros anos da escolarización, co fin de introduci-lo de forma permanente e activa en todos os contidos e materias ao longo da vida escolar do alumnado galego.

4. COGAMI

A Confederación Galega de Persoas con Discapacidade é unha entidade sen ánimo de lucro de ámbito autonómico declarada de utilidade pública e dotada do selo de excelencia europea 400+ do modelo EFQM, que recoñece que conta cun modelo de xestión comprometido coa excelencia no conxunto de servizos que presta.

Está constituída por máis de 50 asociacións, o que a converte nunha entidade con ampla implantación en Galicia. Ademais, de prestar servizos, promove diversas iniciativas empresariais de economía social que dan emprego a máis de 800 persoas con discapacidade.



COGAMI está constituída por máis de 50 asociacións, o que a converte nunha entidade con ampla implantación en Galicia.

os bolechas[®]

PEPE CARREIRO

Podes completar estes exercicios
co material da web:



www.cogami.gal
www.osbolechas.gal

